



XIX Congreso Internacional de Galicia e Norte de Portugal de Formación para o Traballo A FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL: DUOS OU DUETOS?

Lugo, Facultade de Formación do Profesorado. 19, 20 e 21 outubro 2017

<https://sites.google.com/view/grupogefilusc/inicio>

O congreso será transmitido en vivo co patrocinio da Deputación Provincial de Lugo



Departamento de Pedagogía e Didáctica



INSTITUTO DO EMPREGO
E FORMAÇÃO PROFISSIONAL
DELEGACIÓN REGIONAL DO NORTE



IULP
PORTO
FACULTADE DE INVESTIGACIONES
E DE CIÉNCIAS DA EDUCACIÓ
E INVESTIGACIÓNS EN PORTUGAL



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN DE LUGO



A Formación para o Traballo é unha inquietude e unha constante na vida profesional das persoas que ocupa boa parte da educación permanente ao longo da vida; sufre o impacto dos cambios sociais e debe reaccionar como estratexia que contribúe a empregabilidade das persoas en idade de traballar e ao desenvolvemento persoal, profesional e social como consecuencia do seu influxo na actividade humana e, indirectamente na pegada desta.

A longa traxectoria da formación profesional dual en Alemaña, Austria ou Suíza e as formacións en alternancia en España e Portugal inspiran e fundamentan os modelos de recente implantación nos dous países baixo a denominación de formación profesional dual, en contextos nos cales o tecido produtivo caracterizado por pequenas e medianas empresas se converte nun factor substantivo que pode contribuír ao éxito ou fracaso da mesma. Non debe esquecerse, por outra parte, as diferenzas no valor outorgado pola sociedade á cualificación das persoas en cada país da Europa actual.

En España o ano 2012 marca o comezo, regulando o desenvolvemento do contrato para a formación e o aprendizaxe, e establecendo as bases das formación profesional dual, despois de décadas de boas prácticas de formación en alternancia, que fora desta regulamentación ben poderían terse considerado formación dual, dende unha perspectiva teórica e conceptual. Cada comunidade autónoma ven desde esa data regulando con algunas diferenzas a implantación do considerado modelo no seu territorio.

As relacións de corresponsabilidade nunha cualificación compartida á vez que coordinada e integrada, entre os centros de formación e centros de produción, abre múltiples vertentes das que se derivan novas preguntas acerca de aspectos centrais e nucleares da formación profesional, entre os que se atopan: os axentes da mesma, o currículo da teoría da práctica e da conduta baseado en competencias, a avaliación e certificación, a organización dos centros, a orientación profesional, os recursos, e a calidade.

Transcorridos catro anos, dende que en febreiro do 2013 se puxeran en marcha o primeiro proxecto experimental de Formación Profesional Dual, grazas ao convenio entre o Instituto Politécnico de Santiago e a empresa "Coremain", asinado para o Ciclo de Grado Superior "sistemas de telecomunicacións" da familia profesional de "electricidade e electrónica"; o XIX CONGRESO INTERNACIONAL DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO que nesta ocasión levará por título "A formación profesional dual: dúos ou duetos?", pretende visibilizar e poñer en valor a realidade conceptual, normativa e práctica dos contextos da Formación Profesional Dual en Galicia e Portugal, debater acerca das relacións permanentes e/ou ocasionais da Escola e a Empresa, do intercambio dos saberes de unha e outra, da súa construcción conxunta de coñecemento, da implicación das dúas na preparación das persoas para o desempeño das actividade produtivas recoñecidas como traballo e do impacto no mercado laboral e na sociedade. Igualmente queremos reflexionar acerca da necesidade temperá de anticipar algunas melloras que precisa a formación profesional dual nos distintos contextos nos que se desenvolve con este ou outros nomes, focalizar sobre a súa dimensión sociocultural, e en como contribúe a empregabilidade e ocupabilidade das persoas.

A actividade do Congreso realizarase en outubro de 2017 en horario intensivo de mañá e tarde o xoves 19 e o venres día 20, e o sábado día 21 en horario de mañá. Desenvolveranse diferentes propostas formativas (conferencias, relatorios, mesas abertas, experiencias e boas prácticas, materiais, etc.) cos seus correspondentes espazos de análise, debate e reflexión; pero tamén haberá tempo para gozar da beleza, da hospitalidade e da cultura da cidade de Lugo.

OBXECTIVOS

1. Ofrecer os últimos avances e traspasos da formación profesional en alternancia á formación profesional dual
2. Recoñecer os contextos actuais e posibles da formación profesional dual en Galicia e Portugal.
3. Analizar as perspectivas e desafíos no futuro da formación profesional dual.
4. Poñer en valor o potencial da formación profesional dual para lograr unha maior empregabilidade laboral e unha mellor inclusión social.
5. Coñecer as boas prácticas desenvolvidas na formación profesional dual.
6. Identificar recursos de interese para o desenvolvemento da formación profesional dual.
7. Visibilizar as boas prácticas como ferramenta eficaz da calidade na formación profesional dual.
8. Debater acerca das posibilidades e oportunidades de converter en dual á universidades galegas e portuguesas.

TEMAS

- Os sistemas da FP dual/alternancia
- O currículo da FP dual/alternancia
- Os axentes da FP dual/alternancia
- A organización da FP dual/alternancia
- A Orientación na FP dual/alternancia
- A Avaliación na FP dual/alternancia
- A labor titorial na FP dual/alternancia
- A Calidade na FP dual/alternancia
- As relacóns entre a formación profesional e o sistema produtivo

INFORMACIÓN XERAL

Organizan:

Grupo Galego de estudos para a formación e inserción laboral (GEFIL) da Universidade de Santiago de Compostela, integrante da Rede de Inmigración, Escola e Sociedade (RIES), e a Delegación Regional do Norte do Instituto de Emprego e Formación Profissional de Portugal.

Colaboran:

Concello de Lugo; Deputación Provincial de Lugo; Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Consellería de Economía, Emprego e Industria; Facultade de Psicoloxía e Ciencias da Educación da Universidade de Oporto, Empresa Vieira de Castro.

Recoñecementos:

Solicitado como actividade de formación do profesorado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con 20 horas de formación.

Solicitado recoñecemento de 1 crédito de formación transversal para alumnado das Facultades de CC. Da Educación e CC. Políticas e da Administración, da USC.

Destinatarias/os:

Persoas dedicadas á xestión e a investigación, profesionais e estudiantes dos eidos da educación, a formación, o emprego e a empresa así como calquera persoa interesada na temática do Congreso.

Matrícula:

Da dereito a un certificado expedido pola organización do Congreso por 20 horas de asistencia e participación e, de se lo caso o que corresponda á contribución feita (comunicación, póster...), sempre que se estea presente nun mínimo do 75 % das actividades tendo participado en todos os bloques temáticos. A todas as persoas matriculadas que asistan ás actividades ofreceráselle gratuitamente os cafés dos descansos. Tamén se lles proporcionará o acceso as visitas culturais fora dos horarios das actividades de formación.

As persoas que presenten proposta de comunicación, experiencia e/ou póster, poderán abonar a cota de matriculación reducida ate o fin do período de matricula, de acordo co seu perfil de inscrición.

Cuotas:

ata o 31 de agosto:

- Estudantes e persoas desempregadas , 30 €
- Profesionais, 70 €

do 1 de setembro ata o 16 de outubro:

- Estudantes e persoas desempregadas, 40 €
- Profesionais, 80 €

Inscripciones:

1. Cubrir a ficha de inscripción na web.
2. Realizar unha transferencia bancaria pola cantidade que corresponda a:

Entidade: Banco Santander. Rúa Calderería nº 254. Santiago de Compostela (A Coruña)

Concepto: XIX Congreso de Formación para o Traballo - Lugo

Número de conta: 0049-2584-90-2214002210 Código Internacional: SWIFT: BSCHESMM IBAN: ES40

Cubrir a folla de inscripción no seguinte enlace: <https://goo.gl/forms/K8MB56utkMbCZvhz2>

Enviar xustificante do ingreso e xustificante de cota reducida (cando corresponda), escanados, por correo a: 19congresogaliciaportugal@gmail.com, especificando no asunto: matricula XIX congreso Galicia-Portugal

NORMAS DE PARTICIPACIÓN

Os/as participantes no Congreso poderán presentar unha contribución relacionada con calquera dos ÁMBITOS TEMÁTICOS DO CONGRESO, nunha ou nas dúas modalidades seguintes:

1. **COMUNICACIONES/EXPERIENCIAS.** Comunicacións de teorías, experiencias prácticas ou investigadoras.

Os/as autores/autoras disporán dun tempo para presentar oralmente as súas propostas perante o Congreso.

2. **CARTEIS.** Presentación gráfica de experiencias.

- O contido dos cartel tamén deberá presentarse por escrito coas mesmas normas que as comunicacións.
- Os carteis serán expostos no día sinalado no programa do Congreso nun espazo que a Organización habilitará a tal efecto. Os/as autores/autoras deberán entregar o cartel á Organización o primeiro día do Congreso e poderán recollelo no derradeiro día.

As comunicacións, experiencias e/ou carteis, poderán presentarse con autoría individual ou grupal (máximo de catro autores/autoras). Cada autor/autora poderá aparecer nun máximo de 2 contribucións (comunicacións/pósters) e obligatoriamente terá que se matricular no congreso.

Na redacción das propostas seguiranse as normas APA -Publication Manual of the American Psychological Association (APA). 6^a ed. Washington: APA, 2011-, que se poden consultar no enlace: <http://www.apastyle.org>. Unha guía resumida en castelán pódese atopar na seguinte dirección: https://www.ubu.es/sites/default/files/portal_page/files/guia_estilo_apa.pdf

As comunicacións en galego e castelán enviaranse ao correo: 19congresogaliciaportugal@gmail.com

As comunicación en portugués enviaranse ao correo: 19congresso@iefp.pt

-
- Máximo 2 achegas por persoa.
 - Ter en conta a plantilla.
 - Obrigatorio matricularse todos os/as autores/as.

Datas a recordar:

Proposta (resumo 200 palabras máximo) 15 setembro 2017

Aceptación polo Comité Científico 30 setembro 2017

Texto completo (12 páginas máximo) 10 outubro 2017

Comité Organizador

Dirección:

Antonio Rial Sánchez e Margarita Valcarce Fernández, Universidade de Santiago de Compostela.
António Leite, Instituto de Emprego e Formação Profissional da Região Norte de Portugal.

Secretaría:

Maria Julia Diz López, Universidade de Santiago de Compostela
Eva María Barreira Cerqueiras, Universidade de Santiago de Compostela

Vogais:

Ana Maria Rodrigues, Instituto de Emprego e Formação Profissional da Região Norte de Portugal
Celina Geraldes, Instituto de Emprego e Formação Profissional da Região Norte de Portugal
Elisabete Pires, Instituto de Emprego e Formação Profissional da Região Norte de Portugal
Elsa Teixeira, Instituto de Emprego e Formação Profissional da Região Norte de Portugal
Joaquim Luís Coimbra, Universidade de Oporto
José Manuel Castro, Instituto de Emprego e Formação Profissional da Região Norte de Portugal
María del Carmen Santos González, Universidade de Santiago de Compostela
María del Carmen Sarceda Gorgoso, Universidade de Santiago de Compostela
Rubén Ansedes Pérez, Universidade de Santiago de Compostela
Sílvia Vieira, Instituto de Emprego e Formação Profissional da Região Norte de Portugal
Yaiza Fernández Abal, Universidade de Santiago de Compostela

Documentación, programa e logotipo

Margarita Valcarce Fernández, Universidade de Santiago de Compostela

Comité de Honra

Presidencia:

Juan Viaño Rey, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Vicepresidencia:

Javier Bueno Lema, Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela

Tiago Brandão Rodrigues, Ministro da Educação de Portugal
José António Vieira da Silva, Ministro do Trabalho, Solidariedade e Segurança Social de Portugal
Lara Méndez López, Alcaldesa de Lugo
João Costa, Secretário de Estado da Educação
Miguel Cabrita, Secretário de Estado do Emprego de Portugal
Francisco Conde López, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia
Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia
Darío Campos Conde, Presidente da Deputación Provincial de Lugo
Fernando Freire de Sousa, Presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento da Região Norte
Sebastião Feye de Azevedo, Reitor da Universidade do Porto
António Augusto Magalhães Cunha, Reitor da Universidade do Minho
António Fontainhas Fernandes, Reitor da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro
Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor da Universidade de Vigo
Julio Ernesto Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña
António Valadas da Silva, Presidente do Conselho Diretivo do Instituto de Emprego e Formação Profissional
António Leite, Delegado Regional do Norte do Instituto de Emprego e Formação Profissional
José Mesquita, Delegado da Direção de Serviços da Região Norte da Direção dos Estabelecimentos Escolares
Francisco Rodríguez Lestegás, Decano da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo
Rosário Gamboa, Presidente do Instituto Politécnico do Porto
Isabel Braga da Cruz, Presidente do Centro Regional do Porto da Universidade Católica Portuguesa
Miguel Ángel Santos Rego, Director do Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela
Eduardo Valín Fernández, Conselleiro Delegado Executivo da Confederación de Empresarios de Lugo
Arménio Carlos, Secretário-Geral da CGTP
Carlos Silva, Secretário-Geral da UGT de Portugal
António Saraiva, Presidente Confederação Empresarial de Portugal
Paulo Nunes de Almeida, Presidente da Associação Empresarial de Portugal
João Vieira Lopes, Presidente da Confederação do Comércio e Serviços de Portugal
Eduardo Oliveira e Sousa, Presidente da Confederação dos Agricultores de Portugal

Francisco Calheiros, Presidente da Comissão Executiva da Confederação do Turismo Português
Antonio Niño Saavedra, Secretario Comarcal da Confederación Intersindical Galega de Lugo
Ángel Tomé Roca, Secretario Xeral da Unión Xeral de Traballadores de Lugo
Jesús Varela Lodeiro, Secretario Xeral das Comisións Obreiras de Lugo

Comité Científico-Técnico

Presidencia:

Antonio Florencio Rial Sánchez, Universidade de Santiago de Compostela

Vice Presidencia:

Joaquim Luís Coimbra, Universidade de Oporto

Vogais:

Alcides Fernandes Da Moura, Universidade de Santiago de Compostela

Ana Candreva, Universidad Nacional de La Plata (Argentina)

Ana Maria Rodrigues, Instituto de Emprego e Formação Profissional de Portugal

António Leite, Instituto de Emprego e Formação Profissional de Portugal

Bártno Paiva Campos, Universidade de Oporto

Carlos Gonçalves, Universidade de Oporto

Carmen Sarceda Gorgoso, Universidade de Santiago de Compostela

Celina Geraldès, Instituto de Emprego e Formação Profissional de Portugal

Conceição Matos, Instituto de Emprego e Formação Profissional de Portugal

Delmiro Barreiro de la Torre, Universidade de Vigo

Elisa Jato Seijas, Universidade de Santiago de Compostela

Elisa Teresa Zamora Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela

Elsa María Fueyo Hernández, Benemérita Universidad Autónoma de Puebla (México)

Elsa Teixeira, Instituto de Emprego e Formação Profissional

Eva María Barreira Cerqueiras, Universidade de Santiago de Compostela

Fernando Marhuenda Fluixá, Universidade de Valencia

Filipe Gonçalves Sousa Macedo, Universidade Fernando Pessoa

Francisco José Silvosa Costa, Universidade de Santiago de Compostela

Gabriel Huerta Córdova, Benemérita Universidad Autónoma de Puebla (México)

Gilberto Igrelas, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro

Gonçalo Xufre, Agência para a Qualificação e o Ensino Profissional de Portugal

Jaime Vázquez López, Benemérita Universidad Autónoma de Puebla (México)

Joaquim Azevedo, Universidade Católica Portuguesa

José Alberto Correia, Universidade de Oporto

José Manuel Castro, Instituto de Emprego e Formação Profissional de Portugal

José Matias Alves, Universidade Católica Portuguesa

José Tejada Fernández, Universidad Autónoma de Barcelona

Laura Rego Agraso, Universidade da Coruña

Luis Carro Sancristobal, Universidad de Valladolid

Luís Imaginário, Universidade de Oporto

Manuel António Ferreira da Silva, Universidade do Minho

Margarita Valcarce Fernández, Universidade de Santiago de Compostela

María del Carmen Santos González, Universidade de Santiago de Compostela

María del Mar Lorenzo Moledo, Universidade de Santiago de Compostela

María del Mar Sanjuán Roca, Universidade de Santiago de Compostela

María del Pilar Carnota Carneiro, Xunta de Galicia

María del Pilar González Fontao, Universidade de Vigo

María del Rosario Castro González, Universidade de Santiago de Compostela

María José Fiúza Asorey, Universidade de Santiago de Compostela

María José Méndez Lois, Universidade de Santiago de Compostela

María Julia Díz López, Universidade de Santiago de Compostela

María Luisa Rodicio García, Universidade de Vigo

María Pilar González Fontao, Universidade de Vigo

María Refugio Plazola Díaz, Universidad Pedagógica Nacional (México)

Miguel Ángel Santos Rego, Universidade de Santiago de Compostela

Nancy Silva Domínguez, Benemerita Universidad Autónoma de Puebla (México)

Neves Arza Arza, Universidade da Coruña

Paulo Feliciano, Instituto de Emprego e Formação Profissional de Portugal

Raquel Mariño Fernández, Universidade de Santiago de Compostela

PROGRAMA PROVISIONAL PENDIENTE CONFIRMAR (actualizado 10/07/2017)

XOVES, 19 DE OUTUBRO DE 2017 (Bloque I. A Formación Profesional Dual)

- 10:00-10:30 Identificación e recollida de material
- 10:30-11:00 **Inauguración do Congreso:**
- 11:00-12:00 **Conferencia Inaugural**
Os sistemas europeos de Formación profesional dual: duos ou duetos?
- 12:00-12:30 **Descanso**
- 12:30-14:00 **Simposio 1**
A transferencia dos modelos de formación profesional dual de outros países é posible no noso contexto?
- 14:00-16:00 **Xantar**
- 16:00-17:00 **Conferencia**
Dualidade Vs alternancia, a quen beneficia e como
- 17:00-18:00 **Simposio 2**
De qué maneira impregnan os modelos actuais as culturas da formación profesional?
- 18:00-18:30 **Descanso**
- 18:30-20:00 **Comunicacións-Experiencias**
Mesa 1: Os sistemas da FP dual/alternancia Mesa 2: Os axentes da FP dual/alternancia
Mesa 3: O currículo da FP dual/alternancia Mesa 4: A organización da FP dual/alternancia
- 20:30-22:00 **Visita ao Museo Provincial de Lugo, co patrocinio da Deputación Provincial de Lugo.**

VENRES, 20 DE OUTUBRO DE 2017 (Bloque II. Os contextos da Formación Profesional Dual)

- 09:30-11:00 **Comunicacións-Experiencias-Carteis**
Mesa 5: A Orientación na FP dual/alternancia Mesa 6: O labor titorial na FP dual/alternancia
Mesa 7: A Avaliación na FP dual/alternancia Mesa 8: A Calidade na FP dual/alternancia
- 11:00-12:00 **Conferencia**
As alternancias do modelo dual na formación profesional
- 12:00-12:30 **Descanso**
- 12:30-14:00 **Mesa redonda**
A dualización do sistema universitario é un reto de futuro?
- 14:00-16:00 **Xantar**
- 16:00-17:00 **Panel 1 de proxectos de Formación Profesional Dual**
- 17:00-18:00 **Simposio 3**
Os contextos actuais da Formación Profesional dual
- 18:30-19:30 **Panel 2 de proxectos de Formación Profesional Dual**
- 20:00-21:30 **Visita ao Centro Cultural “O Vello Cárcere” e actuación do cuarteto de corda La Luca, co patrocinio do Concello de Lugo.**
- 22:00-24:00 **Cea do Congreso**

SÁBADO, 21 DE OUTUBRO DE 2017 (Bloque III. Retos para a Formación Profesional dual)

10:00-11:30 **Panel 3 de proxectos de Formación Profesional Dual**

11:30-13:00 **Conferencia clausura**

A dualidade: valores consolidados e desafíos

13:00-13:30 **Acto Clausura:**

16:00-18:30 **Visita ao Centro de Interpretación e murallas da cidade de Lugo, co patrocinio do Concello de Lugo.**